

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 11 DE MAIO DE 2026,
BAIXO A PRESIDENCIA DE
ALFONSO RUEDA VALENZUELA**

DECRETOS**CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS**

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade da estrada LU-730 a prol do Concello da Fonsagrada, xunto co seu dominio público viario.

ACORDOS**CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e o Concello das Neves para a colaboración no financiamento da compra dos terreos para a construción dunha residencia de maiores, no exercicio de 2026. Importe: trescentos mil euros (300.000 €).

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do acordo de cooperación entre a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Oroso para a execución das obras de acondicionamento e mellora do contorno do Camiño Inglés no Paseo do Carboeiro, fase I, por un importe dun millón cincuenta e un mil dezoito euros con sesenta e tres céntimos (1.051.018,63 €).
- Acordo polo que se toma razón da licitación das obras de construción dun edificio de 10 vivendas de promoción pública (VPP), garaxes e rochos na parcela 5 do proxecto de compensación UEI-18, no lugar de Marxión, no concello de Vilagarcía de Arousa (Pontevedra), cun orzamento base de licitación e valor estimado, IVE excluído, dun millón novecientos oitenta e tres mil trescentos oitenta euros con dezaseis céntimos (1.983.380,16 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se toma razón da apertura da consulta pública previa á redacción do anteproxecto de lei de saúde pública.

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre a Axencia Galega das Industrias Culturais e a Federación Galega de Bandas de Música Populares para o desenvolvemento de actividades de promoción e difusión da música bandística en 2026, por importe de douscentos cincuenta e un mil catrocentos cincuenta e cinco euros con sesenta e sete céntimos (251.455,67 €), así como a realización de pagamentos anticipados ata o 80 % da subvención concedida e a exención de constituír garantía para os pagamentos anticipados.

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Acordo polo que se autoriza a prórroga do convenio de colaboración entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e a Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal para o desenvolvemento da actividade de coordinación do Eures Transfronteirizo Galicia-Norte de Portugal, por un importe de douscentos vinte e nove mil catrocentos noventa e oito euros con noventa e un céntimos (229.498,91 €).

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se autoriza o compromiso de gasto plurianual na Orde pola que se aproban as bases que rexerán a convocatoria de bolsas de formación en réxime de empresa tutelada para os/as titulados/as en ciclos formativos de acuicultura, e se procede á súa convocatoria por importe de cento tres mil seiscentos oitenta euros (103.680 €) e á modificación da porcentaxe sinalada para o importe conxunto dos pagamentos á conta de conformidade co disposto no artigo 62.4 do regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

INFORMES

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Informe sobre a posta en marcha do sistema de alerta temperá de episodios de calor e informe do balance de detección dos raios de 2025.
- Informe sobre as actuacións para o incremento de superficie pública no Parque Natural das Fragas do Eume dedicada á conservación do patrimonio natural.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

- Informe sobre a colaboración da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional co Norte de Portugal en materia de investigación e innovación.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Informe sobre o desenvolvemento do solo empresarial en Galicia e medidas para a súa dinamización.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Informe sobre a aprobación provisional e a próxima información pública da senda peonil na AC-424 en Corme (Ponteceso), cun orzamento base de licitación, IVE incluído, de catrocentos oitenta e tres mil douscentos dezaseis euros con vinte e sete céntimos (483.216,27 €).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe final do Programa de vixilancia sanitaria das zonas de baño de Galicia. Ano 2025.

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Informe sobre as actuacións do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (Issga) para un traballo seguro na retirada de materiais con amianto.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre as axudas ás entidades recoñecidas como agrupacións de defensa sanitaria gandeiras (ADSG) de Galicia, e a súa aprobación para os anos 2026-2027.

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre o seguimento e a avaliación do desenvolvemento local participativo polos grupos de Acción Local do Sector Pesqueiro (GALP) no marco do FEMPA 2021-2027.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA DUN TREITO DA LU-730 A PROL DO CONCELLO DA FONSAGRADA, INTEGRADO NO TECIDO URBANO DO MUNICIPIO LUCENSE

- Trátase do treito de 481 metros de lonxitude desta vía autonómica, coincidente coa rolda da Fonsagrada e case na súa totalidade co percorrido urbano do Camiño Primitivo de Santiago-Camiño Norte, ruta interior
- A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e o Concello asinaron este pasado mes de abril un acordo para a humanización desta travesía que vertebra a maior parte da zona vella da vila, que suporá un investimento da Xunta de case 200.000 €
- A Administración local asume o compromiso de aceptar o cambio de titularidade da LU-730 (rola da Fonsagrada), no treito comprendido entre o quilómetro 0+070 e o 0+550, na intersección coa LU-530 (avenida de Galicia), xunto co seu dominio público viario
- Co cambio de titularidade, o Concello terá a competencia para actuar neste treito e asume a súa conservación e o mantemento
- O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico terá efecto desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o proxecto de decreto polo que se aproba o cambio de titularidade do treito de 481 metros de lonxitude da estrada LU-730 a prol do Concello da Fonsagrada, integrado no tecido urbano do municipio lucense e coincidente coa denominada rolda da Fonsagrada, xunto co seu dominio público viario.

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e o Concello da Fonsagrada asinaron este pasado mes de abril un acordo para abordar a humanización da rolda da Fonsagrada, travesía que vertebra a maior parte da zona vella da vila e coincide, case na súa totalidade, co percorrido urbano do Camiño Primitivo de Santiago-Camiño Norte, ruta interior. En concreto, actuarase nun tramo desde o quilómetro 0 e ata a intersección coa LU-530.

De acordo co convenio asinado, a Xunta financiará as actuacións proxectadas con preto de 200.000 €, mentres que o Concello licitará e executará as obras. Ademais, a Administración local asume o compromiso de aceptar o cambio de titularidade da estrada autonómica LU-730 (rola da Fonsagrada), no treito comprendido entre o quilómetro 0+070 e o 0+550, na intersección coa estrada LU-530 (avenida de Galicia), xunto co seu dominio público viario.

Queda exceptuado desta transferencia o treito da LU-730 desde o punto quilométrico 0+000 ata o 0+070, que se corresponde co nó viario coa LU-530, o cal pasará a formar parte do dominio público viario da estrada LU-530.

A transferencia deste treito a prol do Concello da Fonsagrada tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

aprobación mediante decreto da Xunta, por proposta da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas como competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións implicadas.


O Departamento de Infraestruturas da Xunta ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da Comunidade Autónoma e das entidades provinciais e locais.

Co cambio de titularidade, o Concello da Fonsagrada terá a competencia para actuar neste treito da estrada autonómica e asume a responsabilidade da súa conservación e o mantemento.

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Plano do treito que se transfire:

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ACHEGA 300.000 EUROS AO CONCELLO DAS NEVES PARA A COMPRA DOS TERREOS PARA A CONSTRUCCIÓN DUNHA RESIDENCIA DE MAIORES

O novo centro será de titularidade municipal, terá capacidade para atender 70 persoas e suporá a creación de 40 postos de traballo

O Consello da Xunta de Galicia deu hoxe luz verde á sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e o Concello das Neves para financiar a compra dos terreos para a construción dunha residencia de maiores. A achega da Xunta é de 300.000 euros e será o ente local o responsable da adxudicación e do seguimento das obras, así como da titularidade e a xestión do futuro centro.

Estes terreos que albergarán o novo equipamento son dúas parcelas contiguas que, en conxunto, suman unha superficie de 11.137 metros cadrados, completamente urbanizables. Estas parcelas están situadas no lugar da Cancela, na parroquia de Tortoreos.

O centro residencial proxectado polo concello terá unha capacidade de 70 prazas e estímase que creará 40 postos de traballo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA COOPERARÁ CO CONCELLO DE OROSO NO ACONDICIONAMENTO DA CONTORNA DO CAMIÑO INGLÉS NO PASEO DO CARBOEIRO, QUE SUPORÁ UN INVESTIMENTO TOTAL DE MÁIS DE 1 M€

- Trátase de acometer unha mellora paisaxística e da seguridade viaria, tanto para os peregrinos como para os veciños da zona, así como da promoción dos bens e recursos que se atopan na contorna desta ruta do Camiño de Santiago
- A intervención consistirá na mellora do firme dos sendeiros e da iluminación do parque, na renovación das pistas multideporte, dos elementos biosaudables, dos xogos infantís, do mobiliario e do parque canino
- O Goberno galego, a través da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e a Axencia de Turismo de Galicia, asume o 80 % do total do custo da actuación, con máis de 840.000 euros, e o Concello de Oroso, o 20 % restante
- As intervencións contan co Plan Hurbe, programa do Goberno galego para apoiar as administracións locais e cofinanciar diferentes tipos de intervencións urbanísticas

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe ao acordo polo que se establecen as bases da colaboración e da cooperación técnica e económica entre a Xunta de Galicia e o Concello de Oroso, que permite acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras consistentes no acondicionamento e na mellora da contorna do Camiño Inglés no Paseo do Carboeiro, que suporá un investimento total superior a 1 M€.

Polo termo municipal de Oroso discorre parte do Camiño de Santiago-Camiño Inglés. Ao longo do seu trazado, de elevado tránsito peonil, localízanse centros de hostalaría, locais comerciais e áreas de lecer vinculadas ao Camiño.

Actualmente, debido ás inclemencias meteorolóxicas e ao desgaste producido polo paso de viandantes, no Camiño de Santiago, é preciso acondicionar os sendeiros e o mobiliario na contorna, nalgúns casos en estado deficitario.

Así, o Goberno galego, en virtude do acordo previo asinado entre a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e a Axencia de Turismo de Galicia, colaborará co Concello de Oroso cun investimento autonómico de máis de 840.000 euros, coa finalidade de acometer unha mellora paisaxística e da seguridade viaria, tanto dos peregrinos como dos veciños da zona, así como a promoción dos bens e recursos que se atopan na contorna do Camiño de Santiago, ruta do Camiño Inglés, ao seu paso polo Paseo do Carboeiro.

En concreto, baixo o acordo autorizado hoxe no Consello da Xunta, preténdense unha intervención na contorna do parque fluvial do Carboeiro, que consistirá na mellora do firme dos sendeiros e na iluminación do parque que se atopa na contorna do Camiño de Santiago ao seu paso polo Paseo do Carboeiro, así como na renovación das pistas

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

multideporte, dos elementos biosaudables, dos xogos infantís, do mobiliario e do parque canino.

A colaboración

Para levar a cabo esta intervención, a Xunta achegará o 80 % do orzamento do custo das actuacións por un importe total de 840.814,90 euros.

Así, a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas financiará o 40 % da execución das obras (420.407,45 euros), que tamén contratará e executará. E a Axencia de Turismo de Galicia asume a obriga de financiar a execución das actuacións obxecto deste acordo, cunha achega do outro 40 % do custo do orzamento total da obra (420.407,45 euros).

Pola súa banda, o Concello de Oroso asumirá o 20 % restante do custo das obras (210.203,73 euros), así como a redacción do proxecto das obras, a realización das xestións pertinentes para posibilitar a súa execución e incorporar ao patrimonio público municipal as actuacións que se leven a cabo.

O convenio autorizado hoxe polo Executivo autonómico permitirá acometer e incorporar ao patrimonio público municipal estas obras, cuxo prazo de execución é de seis meses, e producirá efectos a partir da data da súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2027.

Esta actuación en Oroso enmárcanse na continuada colaboración entre a Xunta e as entidades locais para a execución de obras e outras actuacións de mellora de contornas urbanas, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial.

Ademais, o Goberno galego, a través das distintas medidas e de liñas de colaboración como o Plan Hurbe, contribúe a promover o desenvolvemento dos núcleos rurais da Comunidade como motores de dinamización, ao convertérense en puntos de localización dun importante número de servizos públicos e privados que permiten achegar o modelo urbano a todo o territorio.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Foto representativa da zona da actuación:



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONSTRUIRÁ DEZ VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA EN MARXIÓN, NO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA

- As obras serán licitadas por un importe de preto de 2 M€
- Construiranse nunha parcela cedida de balde polo Concello e serán financiadas integramente con recursos da Comunidade Autónoma

O Goberno galego construírá 10 vivendas de promoción pública no lugar de Marxión, en Vilagarcía de Arousa, nunha parcela cedida de balde polo concello.

As obras para a construción do inmoble licitaranse por un importe que rolda os 2 M€ (1.983.380,16 euros) e seguirán o proxecto redactado pola UTE Oxil-Domohomo, adxudicado por importe de máis de 85.000 euros, incluída a dirección de obra.

Esta nova promoción de vivendas da Xunta de Galicia serán financiadas integramente con recursos propios, sen ningún tipo de achega de axudas estatais ou europeas.

Sobre unha parcela de 675,05 metros cadrados de superficie construírase un edificio de baixo e dúas alturas respectando a aliñación, un edificio de baixa densidade, limítrofe con vivendas unifamiliares, polo que se opta por un volume quebrado.

O inmoble contará con oito vivendas de dous dormitorios, das que unha estará adaptada para o seu uso por persoas con mobilidade reducida. Tamén haberá dúas vivendas de tres dormitorios. Todas contarán con praza de garaxe e rocho.

Esta promoción insírese no compromiso da Xunta de Galicia de duplicar o parque público de vivenda, chegando a un total de 8.000 unidades, antes do remate de 2028, que se converterán en 10.000 no ano 2030. Con tal fin, xa están en diversas fases de execución 4.000 novas vivendas de promoción pública.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA A PRIMEIRA LEI DE SAÚDE PÚBLICA DE GALICIA PARA OPTIMIZAR A RESPOSTA AOS NOVOS RISCOS SANITARIOS E QUE REFORZARÁ A PREVENCIÓN

- O Executivo galego abre un proceso de consulta pública para recibir achegas da cidadanía e dos axentes implicados á redacción da norma
- Asegura que a futura lei busca “reducir a incidencia de enfermidades”
- Para iso, a lei reforzará as capacidades de vixilancia epidemiolóxica, alerta temperá e resposta ante riscos e emerxencias sanitarias
- Permitirá ampliar e sistematizar o catálogo de actuacións e prestacións de saúde pública, definindo con maior detalle funcións, competencias e instrumentos que mellorar na eficiencia no uso dos recursos públicos
- A emerxencia e os novos riscos sanitarios e ambientais, como o impacto do cambio climático, os retos actuais da globalización ou da dixitalización fan necesario actualizar o marco normativo actual
- O conselleiro de Sanidade indica que a lei incorporará o enfoque de “saúde en todas as políticas”, asegurando que as actuacións públicas de calquera sector teñan en conta o seu impacto na saúde
- A nova normativa estará aprobada e remitida ao Parlamento a inicios do vindeiro ano

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou hoxe de que o Consello acordou iniciar a tramitación da primeira Lei de saúde pública de Galicia co obxectivo de “mellorar a resposta ante os riscos sanitarios xa existentes e os emerxentes, establecer protocolos de actuación e reducir a incidencia de enfermidades”.

O Executivo galego, na súa reunión de hoxe, deulle luz verde ao inicio da consulta pública previa á redacción deste anteproxecto de lei que establecerá un marco xurídico moderno, integral e adaptado ás necesidades actuais da saúde pública de Galicia. A través do proceso de consulta pública recolleranse as achegas da cidadanía e dos axentes implicados á redacción da norma.

“Queremos modernizar o marco xurídico en materia de saúde pública para responder aos desafíos actuais”, indicou o conselleiro de Sanidade, Antonio Gómez Caamaño, quen falou dos novos riscos “sanitarios e ambientais” e os novos retos derivados do impacto do cambio climático, a globalización, a dixitalización, a transición demográfica e a crecente importancia da promoción e prevención.

Galicia presenta, ademais, retos específicos como o envellecemento da poboación ou a dispersión xeográfica, o que require unha abordaxe integral e sostida desde o punto de vista da saúde pública.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Así mesmo, a experiencia recente da pandemia incrementou a conciencia social e institucional sobre a necesidade de reforzar a saúde pública como pilar estratéxico do benestar colectivo.

Rueda lembrou que as cuestións sobre saúde pública están recollidas noutra normativa máis ampla que ten case 20 anos- Lei 8/2008, de saúde de Galicia- e asegurou que situacións coma a vivida na pandemia da covid "fan necesario e imprescindible" desenvolver unha normativa "específica" en materia de saúde pública. O conselleiro indicou que a Xunta traballa co obxectivo de "aprobar e remitir ao Parlamento" a nova lei "a principios do vindeiro ano"

Tal e como explicou Gómez Caamaño, a futura lei incorporará o enfoque de "saúde en todas as políticas", asegurando que as actuacións públicas de calquera sector teñan en conta o seu impacto na saúde da poboación, e adoptará o enfoque "unha soa saúde", integrando a saúde humana, animal e ambiental.

A lei reforzará as capacidades de vixilancia epidemiolóxica, alerta temperá e resposta ante riscos e emerxencias sanitarias, dotando o sistema de estruturas áxiles con autonomía técnica e operativa.

Regulación específica

Con esta lei regularase de forma específica a promoción de estilos de vida saudables incluída a alimentación, a actividade física, o benestar emocional e a prevención de condutas aditivas; a protección da saúde fronte a riscos ambientais e alimentarios, a inspección de saúde pública e o control oficial, a detección precoz de enfermidades e a creación de contornas saudables en centros educativos, laborais e comunitarios, incorporando o potencial das novas tecnoloxías e da análise avanzada de datos.

A norma modernizará a gobernanza da saúde pública en Galicia mediante a participación cidadá e comunitaria, a investigación e a innovación e a avaliación continua das políticas e programas.

Garantirase, ademais, a equidade territorial e a coordinación cos concellos, co Sistema Nacional de Saúde e cos organismos nacionais competentes.

Impulso ás políticas activas de promoción da saúde

A través da nova lei posibilitarase previr enfermidades antes de que aparezan mediante o impulso de políticas activas de promoción da saúde, o que se traducirá nunha poboación máis sa e nunha menor carga de enfermidade crónica.

En segundo lugar, a cidadanía contará cunha maior protección fronte aos riscos sanitarios, o que incrementará a seguridade e a confianza no sistema público.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais, fomentárase unha maior participación da cidadanía e das comunidades locais, permitindo que as persoas teñan un papel máis activo na definición das políticas públicas que afectan a súa saúde.

En conxunto, a lei contribuirá a un modelo de sociedade máis saudable e equitativa, mellorando tanto a saúde individual como colectiva dos galegos e das galegas.

O marco normativo vixente en Galicia en materia de saúde pública está fundamentalmente recollido na Lei 8/2008, de saúde de Galicia, que constitúe unha norma de carácter xeral orientada á ordenación do sistema sanitario no seu conxunto.

Aínda que esta lei incorporou previsións relevantes en materia de saúde pública, non desenvolve de xeito específico e sistemático este ámbito e non responde plenamente, polo tanto, aos retos actuais.

En consecuencia, a nova norma permitirá ampliar e sistematizar o catálogo de actuacións e prestacións de saúde pública, definindo con maior detalle funcións, competencias e instrumentos e mellorando a eficiencia no uso dos recursos públicos.

Co obxectivo de cumprir estes obxectivos, a Xunta de Galicia abre o trámite de consulta pública no Portal de transparencia e goberno aberto, onde a sociedade galega poderá facer achegas á nova lei.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 200.000 EUROS Á ACTIVIDADE FEDERATIVA DE CONCERTOS, PREMIOS E FOROS SECTORIAIS DAS BANDAS DE MÚSICA POPULARES

- O Consello aprobou un novo convenio para financiar a difusión da música bandística galega a través da continuidade dos seus certames de interpretación e composición e doutras iniciativas de estudo e investigación
- O acordo inclúe este ano a celebración dun congreso sobre o patrimonio itinerante entre Europa e América
- Apóiase o labor da Federación de Bandas de Música Populares de Galicia polo seu fondo arraigamento cultural na nosa Comunidade e polo seu labor formativo no eido instrumental

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe un convenio de colaboración coa Federación de Bandas de Música Populares de Galicia, ao cal se destinan este ano 200.000 euros para lle dar continuidade á actividade externa e interna deste colectivo no seu labor de fomento, interpretación, formación, intercambio profesional e investigación arredor da música bandística.

Como principal novidade para 2026 inclúese a celebración do congreso titulado *O patrimonio itinerante: bandas de música galegas entre Europa e América*. Impulsado a partir dun estudo da Universidade de Santiago de Compostela, terá lugar do 9 ao 11 de xullo na capital de Galicia para poñer en valor a mobilidade histórica das bandas e a súa conexión coa diáspora, especialmente con América. En formato híbrido (presencial e telemático) e conectando o ámbito académico co musical, reunirá especialistas para analizar a evolución no tempo destas formacións e reflexionar sobre os retos de recuperación e conservación da memoria viva do sector.

O devandito foro súmase a iniciativas en continuidade como o IX Festival de bandas infantís e xuvenís, que se desenvolverá na Cidade da Cultura de Galicia, o XIX Concurso galego de composición para obras orixinais e inéditas sobre temática galega e o XIX Certame galego de bandas, que se celebrará entre os días 19 e 20 de outubro no Pazo da Cultura de Pontevedra coa participación competitiva das diferentes seccións (primeira, segunda, terceira, xuvenil e infantil).

Actualización formativa e normativa

No marco do convenio terá lugar, ademais, unha nova edición dos Encontros da Banda Sinfónica Galega e da Banda Sinfónica Xuvenil Galega, concibidos como espazos de intercambio e aprendizaxe onde se fomenta a mellora formativa nas distintas especialidades instrumentais.

Outras citas previstas por parte da Federación son unha serie de xornadas que versan sobre normativas lexislativas que teñen que ver coa súa actividade diaria, como as

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

vencelladas á infancia, á prevención de riscos laborais, á seguridade en espectáculos públicos temporais e á integración da formación musical nas escolas.

O acordo entre a Xunta de Galicia e a Federación de Bandas de Música Populares de Galicia permitirá, así mesmo, o financiamento dos traballos de investigación sobre as bandas de música populares para abordar e documentar o papel pasado e actual destas formacións sobre o conxunto do tecido cultural galego. Para acadar este obxectivo, recolleranse testemuños vivos que permitan obter información de primeira man sobre o funcionamento e o impacto das bandas na nosa sociedade.

A entidade, creada en 1987, é a de máis peso no seu ámbito dentro da nosa Comunidade e garante a promoción da identidade musical propia de Galicia neste ámbito, así como do repertorio orixinal galego. Posúe na actualidade un elevado grao de representatividade, xa que asocia máis de 96 formacións, 6.708 instrumentistas e 7.114 estudantes nas catro provincias. A súa actividade continua ao longo dos últimos anos resulta decisiva para a expansión da cultura musical bandística en Galicia, cun labor que ten o seu reflexo na calidade das programacións e na afluencia de público ás propostas desenvolvidas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA AFIANZA A COOPERACIÓN TRANSFRONTEIRIZA PARA FACILITAR A MOBILIDADE LABORAL ENTRE GALICIA E O NORTE DE PORTUGAL

- O Consello autorizou a prórroga do convenio coa Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal para a actividade de coordinación do servizo de emprego Eures Transfronteirizo de ambas as rexións
- Así, ambas as partes seguirán colaborando no apoio ás persoas traballadoras e ás empresas da Eurorexión a prol dun mercado de traballo transfronteirizo accesible
- No 2025 e 2026, o Goberno galego promoveu dentro desta colaboración accións como o envío de ofertas de emprego do norte de Portugal ás persoas inscritas no SPEG e a organización do Encontro anual de oficinas de emprego de ambas as zonas
- A prórroga do convenio estará en vigor ata o 30 de xuño de 2028 e contará cun importe total de preto de 230.000 euros dentro do proxecto Eures 26-28

O Consello da Xunta autorizou hoxe a prórroga do convenio entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e a Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal para seguir impulsando a actividade de coordinación do servizo de emprego Eures Transfronteirizo Galicia-Norte de Portugal. Deste xeito, o Goberno galego afianza a cooperación a prol dun mercado de traballo transfronteirizo aberto e accesible facilitando a mobilidade das persoas traballadoras entre as zonas fronteirizas de Galicia e o norte de Portugal, e o apoio ás persoas traballadoras e ás empresas da Eurorexión.

En concreto, o servizo Eures Transfronteirizo Galicia-Norte de Portugal contribúe a coñecer as tendencias do mercado laboral de ambas as zonas e, polo tanto, a identificar as necesidades e oportunidades de emprego nestas rexións para facilitarlles o acceso a el aos demandantes de traballo. Ao mesmo tempo, é de grande utilidade para as administracións de cara ao deseño de accións adaptadas ás necesidades das empresas e traballadores en materia de emprego, formación e mobilidade.

Esta acción responde á relación socioeconómica e laboral que existe entre Galicia e o norte de Portugal e que supón vínculos laborais que xeran necesidades específicas de coordinación administrativa. De feito, o último informe do Eures Transfronteirizo Galicia-Norte de Portugal, con datos de 2024, recolle cifras como que nese ano había preto de 8.900 persoas de nacionalidade portuguesa afiliadas na Seguridade Social na Comunidade galega e máis de 4.100 de nacionalidade española cotizantes na Seguridade Social nos distritos do norte de Portugal (Braga, Bragança, Porto, Viana do Castelo e Vila Real). En canto aos sectores, sinala que en Galicia os traballadores de nacionalidade portuguesa traballan principalmente na industria manufactureira, transporte, hostalaría, construción e comercio, e os galegos que traballan no norte de Portugal fano especialmente na industria transformadora, actividades administrativas e de servizos e transporte.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Accións impulsadas por Galicia

Neste sentido, entre as actuacións impulsadas pola Xunta ao abeiro desta colaboración no período 2025-2026 están o envío de ofertas de emprego do norte de Portugal ás persoas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia, favorecendo unha mobilidade equilibrada e informada; accións para incrementar a visibilidade da Rede Eures en diferentes ámbitos e a organización do Encontro anual de oficinas de emprego fronteirizas Galicia-Norte de Portugal. Ademais, o Goberno galego promoveu a formación inicial para novos colaboradores Eures das oficinas de emprego co fin de garantir unha atención especializada e coherente en toda a rede.

Así, a prórroga desta colaboración forma parte da aposta conxunta de asegurar a circulación de información sobre as ofertas e demandas de emprego entre as rexións fronteirizas, e con ela a Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal continuará coa realización das actividades de coordinación do Eures Transfronteirizo Galicia-Norte de Portugal e a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración aboaralle os gastos producidos. Neste sentido, estará en vigor ata o 30 de xuño de 2028 e contará cun importe total de preto de 230.000 euros no marco do proxecto Eures 26-28 para distribuír nas anualidades 2026, 2027 e 2028. Esta colaboración está cofinanciada pola Unión Europea, a través do programa FSE+ de Galicia 2021-2027.

A rede Eures

En toda Europa existen sete servizos Eures -*European Employment Services*- que forman unha rede de cooperación entre a Comisión Europea e os servizos públicos de emprego dos Estados membro coa función de facilitar a información sobre as oportunidades de emprego e as condicións de vida e traballo no Espazo Económico Europeo. Estas estruturas están formadas por socios pertencentes á Administración pública, organizacións sindicais e empresariais e institucións universitarias das partes implicadas.

Unha das estruturas transfronteirizas Eures é a de Galicia-Norte de Portugal, que foi creada en decembro de 1997 mediante a sinatura dun convenio marco de colaboración entre distintos socios, entre os que se atopan o Instituto de Emprego e Formación Profesional (Lisboa-Portugal) e a Xunta de Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA FAVORECE A CAPACITACIÓN E A INSERCIÓN LABORAL NO SECTOR DA ACUICULTURA COA CONVOCATORIA DE CATRO BOLSAS DE PRÁCTICAS NO IGafa

- O Consello autoriza 103.000 € para formar titulados na cría de bivalvos durante dous anos neste centro dependente da Consellería do Mar
- As bolsas inclúen prácticas tuteladas en escenarios que simulan empresas reais do sector
- Esta iniciativa, liderada pola Administración autonómica, permitiu que desde o 2000 se especializasen 48 persoas no sector

O Consello da Xunta autorizou este luns o compromiso de gasto para a convocatoria de catro bolsas de formación dirixidas a titulados de ciclos formativos en materia de acuicultura. Os apoios están destinados a realizar prácticas de xestión e produción de cría de bivalvos durante dous anos no Instituto Galego de Formación en Acuicultura (Igafo) da Illa de Arousa, grazas á achega da Consellería do Mar, que destina algo máis de 103.680 euros para o período 2026-2028.

As estadias serán en réxime de empresa tutelada, é dicir, os titulados realizarán as prácticas laborais nun ámbito de empresa ficticia no cal se reproducen os medios e procesos de produción e xestión reais, pero no que a titularidade é da Administración responsable do proceso de formación. Isto implica que cada unha das persoas beneficiadas polas bolsas contará con títolos que designará a Consellería do Mar e que se encargarán de elaborar un plan formativo para as persoas beneficiarias.

Poderá optar a elas o alumnado titulado nalgún dos centros formativos situados en Galicia como técnicos/as medios en operacións de cultivo acuícola, técnicas/os medios en cultivos acuícolas, técnicos superiores en produción acuícola e técnicos superiores en acuicultura, sempre que non fosen beneficiarios de axudas similares para o mesmo fin.

O importe de cada bolsa inclúe a asignación mensual e a alta no réxime xeral da Seguridade Social. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes desde o día en que se publique a orde da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*, prevista para finais deste mes. Nela, as persoas interesadas poderán consultar as bases e os requisitos necesarios.

Obxectivos

Mediante a aprendizaxe práctica que se ofrece a través destas bolsas, a Xunta de Galicia busca favorecer a capacitación dos titulados no ciclo de acuicultura e ofrecer unha formación integral e perfeccionada. O obxectivo de iniciativas coma esta é, polo tanto, favorecer a especialización do alumnado e facilitar o seu acceso ao mundo laboral.

Desde a súa creación, no 2000, este proxecto, liderado pola Administración autonómica, permitiu a especialización de 48 persoas neste sector.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ACTIVARÁ EN XUÑO O SISTEMA DE ALERTA TEMPERÁ DE EPISODIOS DE CALOR PARA ANTICIPAR RISCOS, MELLORAR AS PREDICIÓNS E PROTEXER A POBOACIÓN

- Este sistema público baseado na colaboración interdepartamental permite anticipar episodios adversos adaptándose á nova realidade climática e mellorando a capacidade de resposta das autoridades sanitarias e de emerxencias, protexendo así a poboación
- MeteoGalicia emprega un modelo de predición cunha alta resolución con capacidade para prognosticar temperaturas con tres días de antelación e, en función deses datos, e avaliando o limiar, notificanse os avisos, que poden ser amarelo, laranxa ou vermello
- O último verán activáronse avisos en 23 xornadas, incluído un episodio excepcional en que a situación de calor se estendeu ao longo de 16 días consecutivos en agosto
- Outra proba do valor e da eficacia da infraestrutura meteorolóxica da Xunta é a rede de detección de raios, que permite a monitorización en tempo real das treboadas, mellorando a prevención de riscos ou danos
- O pasado ano detectáronse en Galicia máis de 16.000 raios, co que 2025 se converteu no sexto ano con menor aparato eléctrico desde 2011 e no que Lugo foi a provincia máis afectada ao rexistrar o 46 % do total

O Consello da Xunta de Galicia tomou razón do informe da posta en marcha o vindeiro día 1 de xuño do sistema de alerta temperá de detección de episodios de calor, que estará operativo ata o 30 de setembro e que ten como obxectivo anticipar riscos, mellorar as predicións e protexer a poboación.

Este sistema, que consolida o valor dos recursos de observación atmosférica de MeteoGalicia, permite anticipar episodios adversos adaptándose á nova realidade climática e mellorando a capacidade de resposta das autoridades sanitarias e de emerxencias. Trátase de transformar información científica en acción pública útil, reforzando a capacidade da Xunta para protexer, anticiparse e responder ante os novos desafíos climáticos. De feito, o sistema ten capacidade para detectar situacións máis complexas e adaptadas á realidade climática co uso de datos de alta resolución e análise a nivel municipal.

En concreto, este sistema traballa con valores medios diarios establecidos a partir de valores de referencia en cada un dos concellos galegos. Esta información detallada e precisa é posible grazas á extensa rede de estacións meteorolóxicas que ten na actualidade a Xunta de Galicia, cun total de 160 instalacións deste tipo distribuídas ao longo do territorio.

A partir deses datos, MeteoGalicia emprega un modelo de predición cunha alta resolución con capacidade para prognosticar temperaturas con tres días de antelación. En función desa predición, e avaliando o limiar, notificanse os avisos –amarelo, laranxa

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

ou vermello-, nos cales se ten en conta tanto a duración do episodio de calor como a súa intensidade.

Se se prevé que se poden superar os valores limiares nalgunha zona, comunícase tanto á Dirección Xeral de Saúde Pública como á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior para que adopten, en cada caso, as medidas incluídas no protocolo de actuación da Xunta fronte aos posibles efectos das altas temperaturas sobre a saúde.

De feito existe o Comité Permanente de Coordinación para as actuacións da Xunta de Galicia fronte aos efectos sobre a saúde das altas temperaturas, composto polas Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes; de Medio Ambiente e Cambio Climático; e de Sanidade, que establecen as principais recomendacións de saúde ante este tipo de episodios, con especial atención aos colectivos máis vulnerables.

Nesa liña, a colaboración entre os servizos meteorolóxicos e as autoridades sanitarias e de emerxencias permite que Galicia teña consolidado un protocolo propio de actuacións fronte aos posibles efectos das altas temperaturas sobre a saúde cun sistema público de alerta temperá robusto e eficaz. De feito, no verán do pasado ano 2025 activáronse alertas por altas temperaturas en 23 xornadas, incluído un episodio excepcional en que a situación de calor se estendeu ao longo de 16 días consecutivos -do 2 ao 17 de agosto-.

Monitorización de treboadas

A maiores, outra proba do valor e da eficacia da infraestrutura meteorolóxica da que dispón a Xunta de Galicia é a rede de detección de raios, que permite a monitorización en tempo real das treboadas, mellorando a prevención de riscos como incendios forestais ou danos en infraestruturas.

Esta rede está composta por catro estacións, unha en cada en provincia –Mabegondo, na Coruña; Castro de Ribeiras de Lea, en Lugo; Alto do Rodicio, en Ourense, no Campus de Vigo, en Pontevedra-.

Cada sensor da rede está deseñado para detectar e localizar con alta resolución espacial -a precisión de detección media é de 500 metros- os raios que impactan no chan (raios nube-terra) por medio dun sistema de detección de ondas de baixa frecuencia (LF). De feito, cando se produce unha descarga eléctrica ao chan, ademais de luz (lóstrego) e ondas sonoras (trono), emítense tamén ondas LF.

A posición do impacto determínase cando polo menos dous dos sensores detectan a descarga eléctrica. Polo tanto, canto maior sexa o número de sensores que a detectan, maior será a precisión. Nese senso, cómpre indicar que o sistema permite detectar cuantitativamente os raios nube-terra cunha precisión superior ao 90 %.

A información proporcionada por esta rede xoga un papel importante na predición a curto e moi curto prazo de fenómenos meteorolóxicos severos, representando tamén

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

unha ferramenta de particular interese para a protección civil, seguros, servizos de detección de incendios, de subministración enerxética e telecomunicacións.

Durante 2025 detectáronse en Galicia 16.076 raios, sendo o sexto ano con menos raios desde 2011. O mes con máis aparato eléctrico foi maio, cando se rexistraron 5.882 raios con 13 xornadas tormentosas. En canto á distribución xeográfica, a provincia máis afectada foi Lugo, onde caeron 7.400 raios, o que supón o 46 % do total de toda Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA INVISTE 2 M€ NUN PROGRAMA PIONEIRO PARA IMPULSAR UN MODELO DE XESTIÓN SOSTIBLE NAS FRAGAS DO EUME QUE PRIME A PRESERVACIÓN DOS HÁBITATS NATURAIS

- O Consello toma razón das liñas estratéxicas da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático para incrementar a superficie pública destinada á conservación
- Nos dous últimos anos pecháronse acordos de compra sobre 131 parcelas cun total de 144 hectáreas en zonas seleccionadas para darlle continuidade á fraga atlántica
- Recentemente tamén se acordou a cesión á Dirección Xeral de Patrimonio Natural dunhas 1.000 hectáreas de montes públicos en zonas de uso compatible e limitado do parque, o que facilitará a súa xestión e restauración desde un enfoque ambiental
- A terceira liña de traballo está centrada na planificación de actuacións de restauración ecolóxica nos terreos adquiridos e cedidos co fin de recuperar a estrutura e o funcionamento orixinais do ecosistema característico destes tipo de bosques
- En concreto, as intervencións van dirixidas á eliminación de especies alóctonas, o fomento da rexeneración natural dos bosques autóctonos e a reforestación complementaria recorrendo ao banco de sementes propio das Fragas do Eume

A Xunta de Galicia traballa no desenvolvemento dun programa pioneiro na Comunidade e centrado no Parque Natural das Fragas do Eume co obxectivo de incrementar a superficie pública deste espazo —a través de compra directa de parcelas e doutras fórmulas alternativas— destinada a xestionala desde unha perspectiva ambiental en que prime a protección dos seus hábitats e a restauración daqueles que estean en retroceso.

Cun investimento ata o momento de 2 millóns de euros, o Consello coñeceu hoxe os avances acadados desde a súa posta en marcha no ano 2024, así como o acordo pechado recentemente e que permitirá darlle un pulo significativo ao programa grazas á cesión de 1.000 hectáreas de montes públicos dentro do parque natural, que pasarán así a ser xestionados directamente pola Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.

O Parque Natural das Fragas do Eume constitúe un dos espazos naturais máis relevantes de Galicia e do conxunto da rexión atlántica europea debido á súa excepcional representatividade de bosque autóctono caducifolio. De feito, o seu ecosistema alberga unha gran diversidade biolóxica e unha variedade de hábitats de interese comunitario que fan prioritaria a súa conservación desde un punto de vista ambiental.

En todo caso, a xestión deste espazo protexido viuse historicamente condicionada pola fragmentación da propiedade, cunha importante presenza de terreos de titularidade privada (que supoñen o 80 % do total) e de aproveitamentos forestais intensivos, o que dificultou a aplicación de medidas de conservación eficaces e coordinadas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Coa aprobación no ano 2023 do Plan reitor de uso e xestión deste espazo reguláronse, entre outras cuestións, actuacións de restauración ecolóxica e de recuperación do bosque autóctono coa obriga por parte da Administración xestora de actuar ante procesos de degradación, fragmentación ou substitución dos hábitats propios dunha fraga atlántica.

Neste contexto, a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático deseñou un programa para a ampliación da superficie de titularidade pública no Parque Natural das Fragas do Eume destinado á preservación da biodiversidade e dos hábitats naturais que se puxo en marcha no ano 2024 e se articula arredor de tres liñas de traballo estratéxicas.

A primeira e máis innovadora consiste na compra de parcelas no interior do parque a través de acordos voluntarios cos seus propietarios privados. Grazas a estas operacións, iniciadas hai dous anos, a Xunta de Galicia adquiriu xa un total de 131 parcelas que ocupan 144,6 hectáreas en zonas clave do parque ben para reducir a fragmentación, ben para crear corredores ecolóxicos ou ben para consolidar bloques continuos dos bosques autóctonos de fraga atlántica, o que garante a longo prazo unha planificación coherente cos obxectivos de conservación e restauración ecolóxica fixados no PRUX.

Ata o momento, a Consellería destinou xa 1,52 millóns de euros a custear todos os gastos relacionados con estas operacións, desde os traballos previos de localización e análise dos terreos, ata as valoracións económicas e, finalmente, as compras e o deseño e a execución doas actuacións de acondicionamento posteriores á adquisición.

Neste orzamento está incluído xa un último lote de 28 parcelas e 24,6 hectáreas cuxa compravenda se prevé pechar antes de que remate o mes de maio. En todo caso, a intención é seguir apostando pola adquisición voluntaria de terreos xa que, no día de hoxe, a Xunta ten constancia de máis de 150 propietarios con arredor de 900 parcelas catastrais dentro do parque interesados en participar en futuras operacións.

Acordo de cesión de montes públicos en Monfero

En canto á segunda liña de traballo, permitirá a cesión de cinco montes públicos adscritos actualmente á Consellería do Medio Rural e que grazas a un recente acordo serán transferidos á Dirección Xeral de Patrimonio Natural da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, órgano xestor do parque natural. Nestes momentos estanse a ultimar os detalles administrativos que permitirán facer efectiva a cesión, que afecta montes patrimoniais localizados integramente en Monfero e suman case 1.000 hectáreas.

Deste xeito, garantirase un aumento moi significativo da superficie do parque sometida a unha xestión pública orientada a garantir a sostibilidade dos hábitats naturais, permitindo así implementar actuacións de restauración ecolóxica a grande escala e redefinir os usos deste solo (localizado maioritariamente na zona definida no PRUX

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

como de uso compatible e, en menor medida, na de uso limitado) desde un novo enfoque ambiental.

A terceira e última liña estratéxica impulsada nas Fragas do Eume pola Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático céntrase na restauración ecolóxica do ecosistema propio e característico deste tipo de bosques con medidas destinadas a recuperar a súa estrutura e o funcionamento orixinais.

Neste sentido, cómpre indicar que o programa prevé, tanto no presente como no futuro, diferentes tipos de intervencións sobre os terreos adquiridos e cedidos, destacando como principais actuacións a eliminación progresiva de especies alóctonas cun impacto negativo sobre a contorna, o fomento da rexeneración natural dos bosques autóctonos para avanzar na recuperación dos ecosistemas e con reforestacións complementarias recorrendo sempre a material vexetal propio procedente do banco de sementes das Fragas do Eume para preservar a diversidade xenética local.

Ademais, para garantir o éxito destas medidas e realizar unha xestión adaptativa que permita introducir, de ser necesario, posibles cambios, farase un seguimento ecolóxico das actuacións co fin de que permita avaliar a evolución do ecosistema e os resultados obtidos.

Este programa deseñado para preservar a biodiversidade das Fragas do Eume complementábase por parte da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático cunha serie de investimentos, actuacións directas e axudas económicas que suman nos últimos anos algo máis de 500.000 euros.

En particular, cómpre destacar os 220.000 euros investidos na restauración de dúas pontes colgantes, os 120.000 euros destinados a labores de divulgación ambiental e científica entre visitantes e escolares de centros da contorna ou os 50.000 euros gastados na mellora da sinalización e no acondicionamento de sendeiros, actuacións todas elas que contribúen a reforzar o uso público do parque natural. Así mesmo, no período 2024-2025, a Xunta concedeu tamén axudas por un importe global de 115.000 euros a propietarios, concellos e outras entidades con intereses no Eume para actuacións de restauración ambiental e intervencións sobre elementos patrimoniais do parque.

Un dos bosques atlánticos mellor conservados

O Parque Natural Fragas do Eume atópase ao nordeste da provincia da Coruña —cunha superficie de 9.106 hectáreas que se estenden polos concellos de Cabanas, Pontedeume, A Capela, As Pontes de García Rodríguez e Monfero— nunha zona de marcada influencia oceánica entre o medio litoral do esteiro do Eume e as montañas en que nace o río.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Estas características explican por que é, hoxe en día, unha das mostras máis importantes dos bosques sublitorais galegos e un dos poucos bosques atlánticos ben conservados de todo o continente europeo.

Así mesmo, outra das singularidades deste espazo é que o 80 % dos terreos do parque son de titularidade privada, mentres que o resto da súa superficie está integrada por montes públicos cuxa titularidade corresponde a distintas administracións, en concreto, á Xunta de Galicia, ao Estado e aos concellos da Capela e das Pontes.

Neste sentido, a aposta do Executivo galego pola restauración ecolóxica das Fragas do Eume, a través do programa para ampliar a superficie pública en zonas clave e mellorar a súa xestión desde o punto de vista da sostibilidade, ten como obxectivo último e principal restablecer a dinámica propia dunha fraga atlántica, garantindo a súa estabilidade no tempo, unha maior resiliencia fronte a ameazas como o cambio climático e unha capacidade de autorregulación a longo prazo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA A AMPLIACIÓN ATA PORTUGAL DA LIÑA DE COMUNICACIÓN CUÁNTICA SANTIAGO-VIGO, CONVERTÉNDOSE NUNHA REDE CLAVE PARA A CIBERSEGURIDADE NA UE

- Resalta que a autoestrada galega para transmisións ultra seguras estenderase nunha primeira fase ata Valença do Minho co obxectivo de chegar nun futuro ata Lisboa
- Esta ampliación é posible grazas ao proxecto europeo IberianQCI entre Galicia e o Norte de Portugal, con 10,6 M€ de orzamento para conexións transfronteirizas
- Destaca que este sistema protexerá “redes eléctricas e tráfico aéreo, incrementará a seguridade de datos bancarios e de saúde” e blindará as comunicacións ante calquera ataque
- O traballo do Cesga e da UVigo é clave no despregamento desta liña cuántica
- Galicia e Norte de Portugal participan en seis proxectos punteiros de I+G+i, cun orzamento de 39 M€

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou hoxe de que o Consello deu o visto e prace “a ampliar ata Portugal a liña cuántica terrestre entre Santiago e Vigo”, o que permitirá situar esta infraestrutura “como rede clave para reforzar a ciberseguridade na Unión Europea”.

Trátase dun novo fito da I+G+i, a investigación e a innovación feitas en Galicia, e será fundamental para reforzar as comunicacións ultra-seguras en toda Europa. Nesta liña, Rueda lembrou que Galicia está a apostar por un eido “con moito futuro” e vén da acadar diferentes fitos que a sitúan como referente. Entre eles, resaltou que Galicia foi a primeira comunidade en contar cun ordenador cuántico en España xa no 2023, a futura creación de dous laboratorios nesta materia xunto as universidades de Vigo e Santiago ou o val especializado que liderará a comunidade e no que participarán nove países europeos.

Logo da posta en funcionamento da liña de comunicación cuántica por terra máis longa de España, e tamén unha das maiores do continente europeo, entre Santiago de Compostela e Vigo, Galicia ampliará esta arteria ata Portugal, establecendo así a conexión transfronteiriza co país veciño, o que supón un avance na construción da rede europea EuroQCI.

Esta ampliación é posible grazas a un dos proxectos en que Galicia e o Norte de Portugal traballan conxuntamente para mellorar no ámbito da I+D+i. Trátase do *IberianQCI-Iberian Quantum Communication Infrastructure*, cun orzamento de 10,6 M€, que ten como obxectivo o despregamento de conexións transfronteirizas entre as redes nacionais de comunicacións cuánticas de España (SpainQCI) e Portugal (PTQCI), contribuíndo así á construción da infraestrutura europea de comunicación cuántica segura (EuroQCI), que abarcará toda a Unión Europea.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Este paso supón a continuación do traballo feito ata agora en Galicia, especialmente polo Centro de Supercomputación de Galicia (Cesga) e a Universidade de Vigo (UVigo) a través do Vigo Quantum Communication Center (VQCC), adscrito ao centro de investigación AtlanTTic da rede CIGUS, coa posta en marcha da autoestrada de datos de 120 quilómetros entre as dúas cidades, e amosa o compromiso de Galicia coa I+D+i no ámbito das tecnoloxías disruptivas, como a cuántica, unha aposta que sitúa a nosa Comunidade como unha referencia no conxunto de Europa.

Prazos, extensión e beneficios

Tal e como explicou o presidente, a ampliación levarase a cabo en dúas fases. Nun primeiro momento, ata 2029, "vaise habilitar a conexión entre Vigo e Valença do Minho, uns 30 quilómetros".

Posteriormente, "a idea é que se estenda ata Lisboa" a través da conexión coa troncal terrestre norte-sur que prepara Portugal e que xa ten despregada na área metropolitana de Lisboa. O país veciño traballa agora na infraestrutura que permitirá conectar a Rede Cuántica Portuguesa (PTQCI) desde Lisboa ata a Rede Transfronteiriza de Valença-Galicia pasando por Aveiro e Porto.

De momento, aos 120 quilómetros despregados en Galicia (entre Santiago de Compostela e Vigo) sumaranse 30 quilómetros máis desta autoestrada baseada na física cuántica ata Valença. O proxecto IberianQCI poderá levarse a cabo ata setembro de 2029 e este treito en chan luso está apoiado polo Ministerio de Infraestruturas e Vivenda e a infraestrutura do país veciño.

Rueda resaltou que a liña de comunicación cuántica que se estenderá entre Galicia e Portugal, formando parte da rede europea EuroQCI, permitirá protexer infraestruturas críticas, "como redes eléctricas e sistemas de control de tráfico aéreo, e reforzar a seguridade de transaccións bancarias e datos de saúde da cidadanía". Tamén poderá aplicarse á produción e monitorización de infraestruturas no ámbito enerxético ou para asegurar o intercambio de datos sensibles relacionados co desenvolvemento tecnolóxico na industria farmacéutica. Ademais, poderá "garantir a confidencialidade nas comunicacións gobernamentais e militares", así como nas redes empresariais de alto valor, xa que a medida que os computadores cuánticos se volvan máis potentes, a criptografía clásica estará en risco. Trátase dunha infraestrutura avanzada que blindará as comunicacións ante calquera ataque futuro.

No proxecto europeo IberianQCI, ao cal Galicia achega un millón de euros a través dos socios galegos principais (Cesga e UVigo), cofinanciado nun 50 % pola Xunta de Galicia, participan varias entidades portuguesas e españolas, como a Universidade Politécnica de Madrid, o Instituto de Ciencias Fotónicas (ICFO) e diversas empresas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Tamén conexións por satélite

Ademais da liña terrestre, o proxecto IberianQCI despregará tamén conexións espaciais, con estacións terreas ópticas como a recentemente estreada en Vigo, que serán clave para as conexións espaciais co satélite Eagle-1, que será lanzado en 2026. A Estación Óptica Antonia Ferrín, vinculada precisamente ao Vigo Quantum Communication Center, é a maior de España. As demais estacións estanse a preparar en Barcelona, Lisboa e Madrid. Todas elas serán fundamentais para conectar coas principais misións europeas e internacionais no espazo coa máxima seguridade.

Proxectos Galicia-Norte de Portugal

O IberianQCI é un dos seis principais proxectos de investigación e innovación en que participan Galicia e o Norte de Portugal, traballos conxuntos que suman un orzamento de máis de 39 M€, dos que máis de 10 M€ corresponden a entidades galegas. O obxectivo é reforzar a posición da Eurorrexión en áreas identificadas de alto impacto no Plan galego de I+D+I, como as tecnoloxías cuánticas, a intelixencia artificial ou a biotecnoloxía.

Ademais do IberianQCI, o proxecto Quantum Iberia, dotado con 8,9 M€ dos que Galicia mobiliza 4,9 M€, busca impulsar as capacidades en tecnoloxías cuánticas e intelixencia artificial da Eurorrexión co apoio do Programa de cooperación interrexional España-Portugal (Poctep).

No campo da bioeconomía, estase a desenvolver o proxecto Bio Transfer GNP, que conta cun orzamento de 1,5 M€ a través do programa Poctep para mellorar a transferencia de coñecemento neste eido, favorecendo a implantación de modelos produtivos máis sostibles na Eurorrexión. O capital mobilizado en Galicia, coa captación de fondos europeos, supera o millón de euros.

No eido do talento, BRITE-EU, cun orzamento de 2,9 M€ apoiado polo programa Horizonte Europa, persegue desenvolver o talento e as capacidades de investigación e innovación actuando na formación, mobilidade e empregabilidade das persoas investigadoras. Pola súa banda, MAISRIS3T, cun orzamento de 1 M€ a través do programa Poctep, está enfocado ao reforzo da gobernanza, o seguimento e a dinamización da Estratexia de especialización intelixente transfronteiriza Galicia-Norte de Portugal.

Outro dos proxectos estrela é Equivalemt, cun orzamento de 14,4 M€, dos que Galicia mobiliza 2,8 M€, co obxectivo de crear un vale europeo de innovación en tecnoloxías cuánticas, conectando diferentes rexións europeas para acelerar o desenvolvemento de aplicacións en computación cuántica, comunicación cuántica e sensórica cuántica.

Desde 2026 estes proxectos, nos que participan nove entidades galegas e 19 socios portugueses, contribúen ao desenvolvemento de estratexias conxuntas que fortalecen o posicionamento en Europa e avanza cara a unha economía baseada no coñecemento.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Especialización intelixente transfronteiriza

Cómpre apuntar que a Estratexia transfronteiriza Galicia-Norte de Portugal 2014-2020 foi pioneira en Europa, sentando as bases de acción de gobernanza compartida, planificación coordinada e aliñación de prioridades entre rexións. De feito, está considerado o proxecto estratéxico máis importante da Eurorrexión na medida en que supuxo pasar da execución conxunta de proxectos á planificación compartida e á gobernanza conxunta. Pola súa banda, a Estratexia transfronteiriza Galicia-Norte de Portugal 2021-2027 é unha evolución da anterior, adaptándoa ás novas políticas de cohesión, aos cambios económicos, sociais e tecnolóxicos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA IMPULSA PRETO DE 12 MILLÓNS DE METROS CADRADOS DE NOVO SOLO INDUSTRIAL NOS CALES INVESTIRÁ MÁIS DE 440 M€ ATA O ANO 2030

- Rueda resalta que, na actualidade, a comunidade conta con 4.018 parcelas “das que só están dispoñibles unhas 350 ”
- A nova planificación dá prioridade a zonas con demanda real, potencial e capacidade para atraer proxectos tractores vinculados á nova política industrial galega
- Salienta que este ano prevese a incorporación de novo solo nos polígonos de Morás, As Gándaras e Xinzo de Limia
- Entre 2026 e 2029 está previsto que comecen as obras de novas actuacións en Lalín, San Cibrao das Viñas, Carballo, A Estrada, Pereiro de Aguiar, Palas de Rei, Xove ou Poio-Fragamoreira, entre outros ámbitos

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou de que o Consello deu hoxe o visto e praxe a habilitar case “12 millóns de metros cadrados de novo solo industrial (11,7) na comunidade ata 2030”, a través dunha trintena de actuacións ás que se destinan “máis de 440 millóns de euros” e que se centrarán “nas zonas con alta demanda”.

O obxectivo é dispoñer dunha oferta de solo máis competitiva, equilibrada e adaptada ás necesidades do tecido produtivo, así como de favorecer a captación de novos investimentos. Así se desprende dun informe analizado hoxe na reunión do Consello da Xunta sobre o desenvolvemento de solo empresarial en Galicia e medidas adoptadas pola Xunta para dinamizar a súa comercialización e favorecer a implantación de novas nos próximos anos.

O documento reflicte a nova política de solo empresarial deseñada polo Goberno galego que pasa a concibirse como unha política industrial activa e non só patrimonial, para o que a Xunta adapta a comercialización do solo á realidade de cada parque empresarial e ás necesidades das empresas. O novo modelo prioriza a ocupación efectiva das parcelas e a creación de actividade económica real, de maneira que o solo empresarial se integra coa planificación enerxética, loxística e industrial. Deste xeito, Galicia reforza a súa capacidade para captar proxectos industriais estratéxicos e facilitar ampliacións empresariais.

Por provincias, 4,2 millóns de m² se executarán na provincia da Coruña cun investimento estimado de 111,6 millóns de euros, 1,6 millóns de m² en Lugo para os que se prevé destinar 68 millóns de euros, máis de 2,7 millóns en Ourense para os que están reservados 126,1 millóns de euros e arredor de 3,2 millóns de m² en Pontevedra, que contan cun orzamento de 138,6 millóns de euros.

Nos últimos anos, a Xunta promoveu un total de 11.181.587,90 m² distribuídos en 4.018 parcelas públicas, cifra que reflicte o esforzo público realizado para dotar Galicia de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

espazos destinados á actividade económica e industrial. Pero, na actualidade, Rueda lembrou que só están dispoñibles “unhas 350 parcelas”, razón pola que o Goberno galego pon en marcha esta nova estratexia de xeración e comercialización de solo baseada nunha dobre perspectiva: ben promovendo a planificación, tramitación e execución de solo onde hai demanda, potencial ou capacidade para acoller proxectos tractores, ou ben impulsando a posta no mercado do solo xa dispoñible mediante prezos bonificados, fórmulas de acceso adaptadas ás necesidades das empresas e procedementos que permitan responder con maior axilidade á demanda real.

Deste modo, Xestur, dependente da Consellería de Economía e industria, está a impulsar unha trintena de actuacións que están en distintos graos de desenvolvemento: desde a tramitación de novos plans estruturantes de ordenación de solo empresarial (Peose), ata proxectos en tramitación, obras xa licitadas, en execución, ou xa rematadas pero pendentes de recepción.

Tanto polo número de actuacións como pola superficie incorporada, a carteira actual inclúe ámbitos xa moi avanzados, que permitirán poñer solo á disposición das empresas en curto prazo, e tamén actuacións de maior percorrido temporal, necesarias para asegurar a dispoñibilidade de solo empresarial no horizonte 2026-2030.

Así, Rueda explicou que ao longo deste ano prevese a posta á disposición de novo solo no “parque empresarial de Morás”, na localidade coruñesa de Arteixo; “no polígono de As Gándaras”, en Lugo, fases IV, V e VIIA e o “parque de Xinzo de Limia”, en Ourense. E entre 2026 e 2029 está previsto que comecen as obras de novas actuacións en ámbitos como Lalín, San Cibrao das Viñas, Carballo, A Estrada, Palas de Rei, Xove, Pereiro de Aguiar ou Poio-Fragamoreira, entre outros.

Novas fórmulas de comercialización do solo

Dentro da nova estratexia para facilitar a implantación de industrias e favorecer o crecemento das asentadas, a Xunta creou novos modelos de comercialización no marco do novo concurso público de venda e concesión de dereitos de superficie. Así, a Xunta poñía á disposición o pasado mes de abril un total de 357 parcelas, que suman cerca de 790.000 m², distribuídas polas catro provincias.

A convocatoria, que remata o 20 de maio, inclúe sistemas de bonificacións que contemplan descontos de entre o 30 e o 50 %. Ademais, darase prioridade ás solicitudes de compra fronte ás de dereito de superficie e os adxudicatarios deberán concluír a edificación e obter a habilitación da actividade no prazo máximo de tres anos.

A principal novidade deste sistema de acceso ao solo empresarial é a denominada oferta pública permanente, de maneira que as parcelas que no se vendan pasarán a estar ofertadas todo o ano. Esta modalidade aplicarase a terreos propiedade de Xestur

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

situados en parques empresariais con características específicas, diferenciando entre dous grandes grupos: por unha banda, parcelas localizadas en ámbitos nos que houbo procesos de venda ou interese empresarial; e, pola outra, as situadas en parques nos que non se rexistraron operacións nin demanda recente.

A adxudicación directa é outra das novidades que incorpora o Goberno galego para incentivar a adquisición de parcelas. Faino no marco da Lei 5/2025, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, que permite a adxudicación directa de solo empresarial nos casos legalmente previstos, entre eles, os vinculados a proxectos empresariais singulares, proxectos industriais estratéxicos, parcelas que quedasen desertas en licitacións anteriores, operacións de permuta, transmisións a favor doutras entidades do sector público, compromisos recollidos en escritura pública ou necesidades xustificadas de expansión cara a parcelas lindeiras.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA PROVISIONALMENTE O PROXECTO DUNHA NOVA SENDA PEONIL NA AC-424 EN CORME, NO CONCELLO DE PONTECESO, CUN INVESTIMENTO DE CASE 565.000 EUROS

- O obxectivo é continuar coa mellora da seguridade viaria e co fomento da mobilidade sostible, conectando con este novo itinerario de 685 metros de lonxitude o Corme aldea co Corme porto
- A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas someterá nos vindeiros días o proxecto á información pública e prevé aprobalo definitivamente en outono

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe provisionalmente o proxecto para a execución dunha nova senda peonil na estrada autonómica AC-424, en Corme, no concello coruñés de Ponteceso, que suporá un investimento de preto de 565.000 euros.

O obxectivo da obra é continuar coa mellora da seguridade viaria e co fomento da mobilidade sostible na AC-424, tendo en conta que esta nova senda conectará coas beirarrúas existentes en Corme porto e permitirá unir o Corme aldea co Corme porto, que é núcleo urbano de referencia para a prestación de servizos. Cómpre sinalar que a Xunta executou nesta mesma estrada no 2024, e tamén no concello de Ponteceso, o itinerario peonil no Couto, cun investimento final de máis de 361.000 euros.

O Goberno galego prevé aprobar definitivamente o proxecto no outono, para a continuación acometer a redacción do proxecto construtivo e licitar a execución das obras. A actuación conta cun prazo de execución de nove meses.

A través deste proxecto trátase de actuar nun novo tramo da AC-424, no tramo comprendido entre os puntos quilométricos 6+630 e 7+530, o que permitirá garantir un itinerario peonil seguro entre os núcleos de poboación da contorna.

En concreto, propónse executar un tramo de senda peonil entre o Corme aldea e o Corme porto, pola marxe esquerda da estrada. O punto final da actuación tense desprazado ata o punto quilométrico 7+356, en lugar do 7+530 valorado inicialmente (indicado na orde de estudo), xa que neste punto a nova senda proxectada únese cunha senda peonil existente que discorre pola marxe esquerda da estrada ata o Corme porto.

A lonxitude total do itinerario proxectado é de 685 metros. A senda proxectada consiste nunha senda en cor terrizo, de algo máis de 2 metros de ancho, cunha nova beiravía de 0,50 metros en todo o percorrido, á que se lle engade unha cuneta previa á senda entre os puntos 6+728 e o 7+356.

Así mesmo, neste proxecto inclúese o deseño dun muro de contención de formigón armado tipo ménsula, para minimizar as afeccións a unha vivenda existente nas proximidades do punto quilométrico 7+120 da AC-424 na súa marxe esquerda, minimizando así as escavacións en noiro.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS


Finalmente, na intervención prevese a pavimentación das entradas e accesos que deberán atravesar a senda proxectada, así como as actuacións necesarias de drenaxe da senda. Tamén se inclúen a preinstalación dos servizos para as futuras redes de telecomunicacións e da rede de abastecemento.

Esta nova senda é susceptible de contar co cofinanciamento de fondos europeos Feder 21/27.

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas someterá nos vindeiros días o proxecto á información pública, para efectos da Lei 8/2013, de estradas de Galicia, e para efectos expropiatorios. Para executar este novo itinerario cómpre a expropiación de 22 parcelas neste municipio coruñés.

Mapa de situación da nova senda:

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GALICIA INCORPORA CINCO NOVAS PRAIAS FLUVIAIS AO REXISTRO DE AUGAS DE BAÑO E ACADA O SEU MÁXIMO HISTÓRICO CON 506 ZONAS, O 90 % DE CALIDADE EXCELENTE

- O censo inicial de zonas de baño incorpora por primeira vez en 2026 o río Madalena (Vilalba), o río Bubal-Vilaza (Monterrei) e, no Rosal, o río Miño-Eiras e as zonas de baño do Muíño das Aceñas e de Tamuxe
- O informe do programa de vixilancia do ano 2025 conclúe que o 97,7 % das augas das zonas de baño galegas contan con calidade excelente ou boa, por riba da media nacional e da Unión Europea
- A Xunta inicia esta semana as análises das augas, previas ao inicio da temporada, para garantir o mantemento dos niveis de calidade
- Analizaranse 5.000 mostras durante a temporada, que se estenderá do 1 de xuño ao 30 de setembro
- Establécense 523 puntos de mostraxe en 120 concellos que se revisarán quincenalmente
- Galicia é a comunidade con máis praias censadas en España
- A vixilancia das zonas de baño que realiza a Consellería de Sanidade ten como obxectivo evitar enfermidades respiratorias ou gastroenterite derivadas da contaminación microbiolóxica das augas

O informe do Programa de vixilancia sanitaria das zonas de baño de Galicia correspondente a 2025 conclúe que na temporada deste 2026 se acadará o máximo histórico con 506 zonas rexistradas pola incorporación de cinco novas praias fluviais.

A Consellería de Sanidade presentou hoxe no Consello da Xunta de Galicia os resultados da avaliación da pasada temporada. Destaca o mantemento dunha alta calidade das augas de baño, tanto continentais como marítimas, xa que en 2025 o 89,2 % das augas acadou a clasificación sanitaria de excelente e o 8,5 %, de boa.

Galicia conta así cunha porcentaxe maior de augas de baño marítimas e continentais de calidade excelente ca o conxunto de España e da Unión Europea. Segundo os últimos datos publicados, en 2024, a nivel nacional, o 95,2 % contaban con cualificación boa ou excelente, e o 93,9 % dos países da Unión Europea, fronte ao 97,7 % das augas galegas.

Das 506 zonas de baño do rexistro galego oficial da temporada 2026, inclúense por primeira vez o río Madalena no concello de Vilalba, o río Bubal-Vilaza no concello de Monterrei, e, no concello do Rosal, o río Miño-Eiras e as zonas de baño do Muíño das Aceñas e de Tamuxe, no río Tamuxe.

Para preparar a nova temporada que comezará en xuño, a Xunta inicia esta mesma semana a realización de análíticas previas para constatar a calidade das augas de baño e, de ser o caso, dar aviso aos concellos para que corrixan posibles incidencias.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A Consellería de Sanidade incrementa este ano preto dun 15 % o investimento destinado á recollida das augas de baño, que acada os 205.781,56 euros. Ademais dunha mostra previa ao inicio da temporada, entre o 1 de xuño e o 30 de setembro realízanse controis quincenais. As 5.000 mostras previstas son analizadas no Laboratorio de Saúde Pública de Galicia, en Lugo.

Paralelamente, lévase a cabo a vixilancia sanitaria por parte do corpo de farmacéuticos inspectores de Saúde Pública de todas estas zonas de baño, que realizan unha visita de inspección polo menos unha vez na temporada co fin de avaliar o estado da auga de baño, se existen residuos na praia ou na auga, se existe algún tipo de vertedura ou se está dispoñible e accesible a información ao público. Tamén se realizan visitas de inspección cando existen episodios curtos de contaminación, denuncias ou reclamacións.

Control oficial

O pasado ano analizáronse 502 zonas de baño en 519 puntos de mostraxe que se encontran en 118 concellos. Na temporada 2026, das 506 zonas de augas de baño analizadas no censo oficial, establécense 523 puntos de mostraxe en 120 concellos.

Nas mostras, a Consellería de Sanidade analiza os parámetros microbiolóxicos de enterococos intestinais e *Escherichia coli*, en cumprimento coa normativa europea que está trasposta no Real decreto 1341/2007, do 11 de outubro, sobre a xestión da calidade das augas de baño.

Ao final da temporada, cos resultados obtidos nesa temporada e nas tres anteriores, calcúlase a clasificación sanitaria de cada auga de baño mediante o sistema descrito na directiva europea correspondente.

Ademais das analíticas obrigatorias por normativa, Galicia desde hai anos segue as indicacións da Organización Mundial da Saúde (OMS) e, en todos os encoros da comunidade que teñen zonas de baño incluídas no Rexistro de Augas de Baño de Galicia, realízanse controis de cianobacterias e de cianotoxinas e establécense niveis de alerta en función dos resultados analíticos.

Na temporada de baño de 2025 detectouse a proliferación de cianobacterias, potenciais xeradoras de toxinas, nas augas de baño de Portoquintela e O Corgo-A Rola (no encoro das Conchas, na provincia de Ourense); na auga de baño da área recreativa de Brocos no encoro de Portodemouros, no concello de Agolada; e no regato das Forcadas, en Valdoviño. Recomendouse absterse do baño e de realizar actividades acuáticas cando se detectou toxina no encoro ou un volume de cianobacterias superior a 4 mm³/l.

A vixilancia realizada pola Consellería de Sanidade é importante porque o uso recreativo das augas de baño pode ter perigos e riscos para a saúde. A contaminación bacteriana pode provocar gastroenterite ou enfermidades respiratorias nas persoas que se bañan en augas contaminadas. Aínda que estas enfermidades raramente son graves, o número

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

de persoas expostas pode ser elevado debido á importante afluencia que rexistran as praias, os ríos ou as lagoas.

Galicia é a comunidade autónoma con máis praias censadas a nivel nacional, cun 22,6 % de toda España. Toda a información está á disposición da cidadanía na web do Observatorio de Saúde Pública de Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA AVANZA NA ESTRATEXIA DE SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO DE GALICIA CUN DOS SEUS EIXOS NA PREVENCIÓN DE RISCOS RELACIONADOS CO AMIANTO

- Entre o 2022 e o 2025, o Goberno galego aprobou 2.550 plans de traballo contribuíndo a garantir a seguridade na realización de máis de 10.600 labores vinculados coa retirada deste material en diferentes contornas
- O Consello da Xunta coñeceu hoxe un informe do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (Issga) sobre as actuacións realizadas por este ente dependente do Goberno galego a prol dun labor seguro na retirada de materiais con amianto
- Este organismo contribúe á especialización e a garantir a seguridade e a saúde laboral do tecido empresarial dedicado á retirada deste material, principalmente de edificios ou instalacións, tarefa que entre 2022 e 2025 realizaron máis de 200 empresas
- Tamén impulsa xornadas e formacións dirixidas a empresas e concellos a prol dunha xestión segura dos residuos con este mineral, que en total neste período chegaron a unhas 400 persoas, así como campañas de sensibilización e tarefas de asesoramento
- Froito deste saber facer, Galicia ten unha intensa participación nos grupos de traballo sobre amianto da Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo e da Rede Interterritorial desta materia

O Goberno galego avanza na Estratexia de seguridade e saúde no traballo de Galicia: Horizonte 2027 cun dos seus eixos na prevención de riscos laborais relacionados co amianto. As actuacións neste eido concretáanse no Plan anual de actuación do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (Issga), que este ano intensifica as accións fronte á exposición a materiais con riscos laborais como o amianto. Neste ámbito, a experiencia de Galicia, con 2.550 plans de traballo aprobados entre 2022 e 2025, contribuíu a garantir a seguridade na realización de máis de 10.600 labores vinculados coa retirada deste material en diferentes contornas, o que sitúa á Comunidade galega como referente neste eido.

Así o reflicte un informe do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (Issga) sobre as actuacións realizadas por este ente dependente da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración a prol dun traballo seguro nesta materia e que foi analizado hoxe no Consello da Xunta.

En concreto, nos últimos dous anos (2024 e 2025), as cifras de plans de traballo aprobados chegaron a máximos, sendo preto de 700 cada anualidade. Deste xeito, o Issga fomenta a especialización e contribúe a garantir a seguridade e a saúde laboral das empresas e as persoas traballadoras dedicadas ao servizo de retirada deste material, principalmente de edificios ou instalacións. De feito, nos últimos catro anos, estes labores de retirada de amianto na Comunidade foron realizados por máis de 200 empresas, máis do 90 % galegas e coas que se teñen realizado encontros informativos

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

para impulsar a eficacia dos plans de traballo e os recursos preventivos en relación coa retirada de amianto. Exemplos destas xuntanzas son as realizadas no 2023 en cada unha das provincias galegas e nas cales en total participaron un cento de persoas.

Ademais, o persoal técnico do Issga realiza comprobacións no lugar do cumprimento das medidas preventivas incluídas nos plans de traballo. A isto engádense as xornadas e as accións formativas impulsadas polo Goberno galego neste ámbito e dirixidas ás empresas e aos concellos a prol dunha xestión segura dos residuos con este mineral, que en total chegaron a unhas 400 persoas para a aplicación destes coñecementos nas empresas e entidades que representan. Tamén as campañas de prevención de riscos laborais asociados a este material, así como tarefas autonómicas de asesoramento técnico e sensibilización na materia, e as accións realizadas no eido da saúde pública.

Participación en grupos de traballo

Froito deste saber facer, Galicia ten unha intensa participación nos grupos de traballo sobre amianto da Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo e da Rede Interterritorial desta materia. Trátase de foros técnicos a nivel nacional para optimizar entre o Estado e as autonomías o intercambio de información e a coordinación para avanzar na mellora da calidade e seguridade das tarefas de retirada de amianto. Ademais, a Comunidade conta con outro espazo específico sobre esta cuestión no marco do Consello Galego de Seguridade e Saúde no Traballo, no cal están representados a Administración galega e os axentes sociais —os sindicatos e a patronal—.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 2,38 M€ A 64 ASOCIACIÓNS DE DEFENSA SANITARIA GANDEIRA PARA REFORZAR O BO ESTATUS SANITARIO DO GANDO EN GALICIA

- Así figura no informe avaliado hoxe polo Consello da Xunta, que tamén recolle a evolución destas achegas e a súa repercusión no sector primario galego ao longo dos anos
- A través deste orzamento financiaranse os gastos da compra de material funxible e facilitarase a contratación de 162 persoas veterinarias para planificar e executar os programas de saneamento
- O fin principal destas subvencións é avanzar na mellora do estado sanitario das explotacións galegas, que son referentes a nivel nacional, mediante a execución de programas zoonosanitarios comúns para a prevención e control de enfermidades dos animais
- Cabe sinalar que a pertenza a unha ADSG é unha garantía sanitaria para as nosas granxas, debido ao seu soporte técnico que, unido á cada vez maior profesionalización do sector gandeiro integrado nelas, redonda nun nivel sanitario cada vez maior e nunha mellora das producións e a comercialización
- A Xunta destinou desde o ano 2012 algo máis de 32 millóns de euros para reforzar o seu labor e mellorar as condicións hixiénicas das explotacións

A Consellería do Medio Rural destinará neste 2026 un total de 2,38 millóns de euros a 64 Asociacións de Defensa Sanitaria Gandeira (ADSG), co obxectivo de seguir avanzando na consolidación dun bo status sanitario da cabana gandeira galega. Así figura no informe avaliado hoxe polo Consello da Xunta, que tamén recolle a evolución destas achegas e a súa repercusión no sector primario galego ao longo dos anos. Cabe sinalar que se beneficiará á totalidade de ADSG existentes, e implica esgotar a contía da convocatoria, publicada a finais de 2025.

A través deste orzamento financiaranse os gastos derivados da compra de material funxible como luvas e calzas, así como tubos de extracción de sangue e agullas. Tamén se facilitará a contratación de 162 persoas veterinarias para planificar e executar os programas de saneamento.

O fin principal destas subvencións é avanzar na mellora deste estado sanitario mediante a execución de programas zoonosanitarios comúns para a prevención e control de enfermidades dos animais. Estas achegas serven para abordar o control de determinadas enfermidades que habitualmente non son obxecto de programas nacionais, o que permite manter o excelente status sanitario da cabana gandeira galega, referente a nivel nacional, e garantir a rendibilidade das explotacións e a comercialización dos animais e dos seus produtos.

Ademais, coa solicitude de axuda, as ADSG comprométense na execución de todas as medidas adicionais en materia sanitaria que sexan necesarias nas explotacións a elas

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

adheridas, segundo as condicións sanitarias da zona e as características particulares de cada agrupación, polo que poden colaborar na vixilancia de enfermidades como a lingua azul ou a enfermidade hemorráxica epizoótica (EHE). Así mesmo, a través destas achegas preténdese estimular a integración de gandeiros na ASDG.

Actualmente hai un total de 65 ASDG na comunidade para gando bovino, ovino-cabrún, porcino, aves, coellos e visóns. Están integradas nestas asociacións preto de 8.600 explotacións, maioritariamente as máis grandes e profesionalizadas. A especie con maior número de explotacións integradas é o gando bovino, con máis de 7.000 explotacións. Cómpre salientar que a Xunta destinou desde o ano 2012 algo máis de 32 millóns de euros para reforzar o labor destas entidades e mellorar as condicións hixiénicas das explotacións.

Orixe e funcións das ASDG

A orixe destas entidades remóntase aos anos 80, cando foron fundamentais colaborando coa administración na loita contra a peste porcina africana. A enorme eficacia mostrada por estas agrupacións na loita contra esta enfermidade fixo que ano 1996 se regulara o seu funcionamento, ampliando o ámbito de actuacións a outras especies animais diferentes da porcina.

As ASDG defínense como asociacións constituídas por gandeiros para a elevación do nivel sanitario-zootécnico das súas explotacións mediante o establecemento e execución de programas de profilaxe, loita contra as enfermidades animais e mellora das súas condicións hixiénicas, que permitan mellorar o nivel produtivo e sanitario dos seus produtos.

A pertenza a este tipo de agrupacións é unha garantía sanitaria para as explotacións. O soporte técnico co que contan as ASDG, unido á cada vez maior profesionalización do sector gandeiro integrado nelas, redundan nun nivel sanitario cada vez maior, o que se traduce na mellora das producións e na comercialización sen trabas de animais e produtos na nosa comunidade.

Estas agrupacións constitúen ademais unha peza fundamental na rede de epidemiovigilancia sanitaria de Galicia, están a desenvolver un papel substancial no asesoramento e mantemento dunhas correctas medidas de vixilancia sanitaria e de bioseguridade das explotacións gandeiras, e colaboran estreitamente cos servizos veterinarios oficiais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

OS PROXECTOS DA CONSELLERÍA DO MAR NO MARCO DAS ESTRATEXIAS DE DESENVOLVEMENTO LOCAL PARTICIPATIVO XERAN UN IMPACTO DE MÁIS DE 93 M€ NA ECONOMÍA GALEGA

- O Consello da Xunta de Galicia avaliou o informe sobre as tres primeiras convocatorias (2023-2025) das EDLP no marco do FEMPA
- Aprobáronse 339 proxectos cun investimento total de case 46 M€, dos cales 24,9 M€ son fondos públicos e 21 M€ proceden da iniciativa privada
- O investimento total multiplica por catro a axuda pública mobilizada e prevé a creación de máis de 200 empregos, cun forte apoio á muller e á remuda xeracional

O Consello da Xunta analizou hoxe o informe de seguimento e avaliación das axudas no marco das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP) convocadas pola Consellería do Mar e tramitadas coa colaboración dos grupos de Acción Local do Sector Pesqueiro (GALP) durante o período 2023-2025. O documento elaborado polo departamento autonómico reflicte o éxito do programa no marco do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA) 2021-2027, e destaca a súa capacidade para dinamizar as comunidades costeiras galegas e atraer o investimento privado.

Segundo os datos do informe, nas tres primeiras convocatorias aprobáronse un total de 339 proxectos que mobilizaron un investimento global de case 46 millóns de euros. Deles, o 54 % (preto de 25 millóns) correspóndese con axudas públicas achegadas pola Xunta e a Unión Europea, mentres que o 46 % restante (21 millóns de euros) provén de fondos privados.

Isto significa que por cada euro público investido, os GALP foron capaces de atraer 0,84 euros de investimento privado, ratio que se eleva a 1,58 euros no caso dos proxectos encadrados como actividades económicas.

Adicionalmente aos 339 proxectos locais, durante este período puxéronse en marcha outras tres iniciativas destinadas á cooperación interterritorial, que sumaron unha axuda pública de ao redor de 530.000 euros.

Apoio ao sector pesqueiro

O informe destaca o importante protagonismo do sector marítimo-pesqueiro na captación destes fondos. Así, desenvóléronse 166 proxectos específicos de pesca (o 49 % de todas as iniciativas aprobadas), absorbendo un financiamento público superior aos 10 millóns de euros. Dentro destas iniciativas pesqueiras, o 81 % encóntranse vencelladas directamente á cadea de valor do mar: 78 proxectos están enfocados á promoción e comercialización, 47 á produción e 10 á transformación de produtos do mar. A pesca costeira artesanal viuse directamente beneficiada con 59 proxectos que suman 3,8 millóns de euros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Se se analizan os obxectivos estratéxicos globais, o 50 % dos proxectos financiados orientáronse á valorización dos produtos e o 22 % á diversificación das actividades económicas nas contornas litorais.

No ámbito sociolaboral, a posta en marcha deste proxecto prevé a creación de máis de 200 empregos directos a tempo completo, ademais de contribuír ao mantemento doutros 588 postos de traballo. O emprego xerado ten unha forte compoñente de fomento da igualdade e apoio á mocidade, como indica que o 62 % dos postos de nova creación serán ocupados por mulleres e un 44 % están dirixidos a persoas menores de 40 anos para facilitar a remuda xeracional nas vilas costeiras.

Un impacto que multiplica o investimento

A avaliación, presentada polo departamento autonómico e elaborada polo Cetmar, pon en valor o "efecto tractor" das axudas xestionadas polos oito GALP que operan en Galicia, entidades en que participan 409 organizacións locais. A posta en marcha de todos estes proxectos permitiu activar ata 28 ramas diferentes de actividade económica da Comunidade.

O impacto socioeconómico acumulado pola actividade dos GALP no período 2023-2025 estímase en máis de 93,5 millóns de euros, unha cifra que supón ao redor do 0,13 % do produto interior bruto (PIB) de Galicia. En termos prácticos, isto evidencia que a axuda pública de case 25 millóns de euros concedida multiplicou por catro o seu impacto real, mobilizando na economía galega máis de 3,76 euros por cada euro de achega institucional. Finalmente, considerando os efectos directos, indirectos e inducidos, as axudas no marco das EDLP estiveron relacionadas coa creación e o mantemento de máis de 1.346 postos de traballo totais a tempo completo en Galicia.